

O PRÓLOGO ESTÁ ESCRITO POLO TEOLOGO MIGUÉLEZ DÍAZ

“Do teu verdor cinguido”, diálogo entre o cristianismo e o ecoloxismo

Victorio Pérez Prieto plantexa na súa obra a “cosmoteándrica” e o “panenteísmo” fronte ó “panteísmo” e ó “antropocentrismo”



O libro, de Espiral Maior, presentouse o xoves na galería Sargadelos

C. CARBALLEIRA

Cristina R. Calvo • Ferrol

Carlos Díaz, representante de Espiral Maior, o biólogo e presidente da Sociedade Galega de Historia Natural Xan Silvar e o teólogo Xosé Antón Miguélez Díaz presentaron o pasado xoves na galería Sargadelos a obra ensaística de Victorino Pérez Prieto, “Do teu verdor cinguido. Ecoloxía e cristianismo”.

Xan Silvar destacou na súa intervención os 4.000 millóns de anos de idade do planeta terra, e os só 2.000 millóns de anos de existencia dos homes. Neste tempo, comentou, a especie humana estoupou, “de ser unha especie perseguida por alimañas a ser unha especie triunfadora que domina ás feras e que ocupa practicamente a totalidade do planeta, de feito, é a especie máis influente no planeta terra”.

Tecnoloxías

Segundo Xan Silvar, hai civilizacións que crearon as súas propias tecnoloxías e os seus propios problemas ambientais, véndose abocados á desaparición. A nosa civilización xudeo-cristiá, explicou o biólogo, “deu primeiro as respostas de tipo máis ou menos filosófico, despois científico (a partir dos séculos XVII-XVIII),

e tamén coexistindo as corrientes filosóficas e científicas”. Na actualidade, vivimos pois nunha coexistencia forzosa de ambas tendencias, ca necesidade de dar resposta a problemas francamente serios.

Silvar fixo un percorrido histórico dos comportamentos dos homes con respecto ó medio ambiente, sinalando que “as secuelas do colonialismo, a loita polos recursos materiais provocaron conquistas de territorios, explotacións de recursos, grandes guerras, etc.

Nos anos 60 as capas sensibilizadas dos países occidentais ven un serio problema ambiental, xurdindo así os primeiros movementos ecolóxicos que denuncian estas situacións”.

Silvar acabou indicando que agora, as evidencias son tan grandes que non se pode obviar o tema. Neste sentido amosou datos sacados do libro “El mundo en el año 2000”, escrito nos anos 70 en Estados Unidos que revelan unha situación futura nada alentadora.

Diálogo

Tras esta postura representante do ecoloxismo, Xosé Antón Miguélez Díaz, prologista da obra e teólogo, fixo a súa análise do libro de Victorino Pérez dende o seu

punto de vista relixioso. Neste sentido, definiu a obra como “áxil, vigorosa, fácil de ler, colorista, concreta e afectiva”.

Dúas experiencias

O libro, segundo o autor do prólogo, pon a dialogar dúas experiencias totales nas que o autor se sente armónicamente integrado: o ecoloxismo e o cristianismo.

O teólogo sinalou que si o autor pretende por a dialogar estes dous aspectos “queda nun bonito empate”.

Aínda que, si pon énfasis maior nalgún deles, este é o ecoloxismo.

O cristianismo, comenta Xosé Antón Miguélez Díaz, atopará no libro un aliado que lle indica que “se quedades non enganarvos adorando a un Deus valeiro, tedes que asumir a preocupación pola vida”, pola súa parte, o ecoloxista atopa aquí “a posibilidade de asentar o enfoque ético, ofrecendo a Deus como ecoloxista que recicla as nosas miserias”. ■

Un compromiso serio

Victorino Pérez Prieto pretende a través de “Do teu verdor cinguido” acadar un compromiso serio ca causa ecoloxista. Isto significaba, para el, ver os problemas da realidade natural que deron lugar ó ecoloxismo, e por outra parte, descubrir que é o que o unía a el a un compromiso serio.

Así, foise dando de conta de que ecoloxismo é “preocuparse da casa e da economía, pero ó mesmo tempo, chegar a algo máis”.

O ecoloxismo é, para o autor, unha cosmovisión, unha concepción integradora de todo o cosmos. A través do cristianismo, Pérez Prieto descubriu que “o amor é unha acción cósmica” e que debía aprender dos místicos cristiáns e da biblia, profundamente amante da natureza.

Chegando máis alá na súa visión do tema, o autor plantexa a “cosmoteándrica” na que somos o cosmos, os seres humanos e Deus; e o “Panenteísmo”, fronte o panteísmo e antropocentrismo, polo que a realidade de Deus está no cosmos, Deus está, polo tanto, na natureza. ■